

**CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA**

31

1304, outubro, 20

Pedro Martíns e a súa muller véndenlle a García Fernández e a Rui Fernández a cuarta parte dunha herdade en Riobó, Santa María de Alta, por 1400 soldos.

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/6, perg. orix., galego, gótica cursiva, 186x127 mm.

Conosçuda coussa seia a quantos esta carta viren commo eu Pedro Martines en demos a vos García Ferrnandes et a vossa muller Aldara Eanes, et a vos Ruy Fernandez et a sua muler Thereyia Perez, per meo a quarta parte de toda quanta herdade Marina Miguelez et seus fillos et fillas aviam en Rioboo, sub signo de Santa Maria Alta, con todas suas pertenências et dereyturas, a monte et a fonte, pera quer que vaan; et reçebemos de vos en preço por esta vençon sobredita mill et quatrocentos soldos da moneda branca del rey don Fernando de que somos bem pagados et entregos, et obligamos nos et todos nossos bees a façervos sempre esta vençon de paz de Marina Miguelez et de seus fillos; a qual quarta nos compramos da dita Marina Miguelez et de seus fillos, des oie mays avedea sempre en paz vos et a vossa vos o nosso senorio removoudo et o poder.

Feyta a carta de vençon XX dias andados do mes de outubre. Era de mill et CCC XLII annos, tempo del rey don Fernando, bispo de Lugo dom Rodrigo, mordomo Affonsso Fernandez de Carvallido.

Et nos os vendedores sobreditos roboramos et confirmamos.

Os que presentes foron: Pedro Aras clérigo de Lamas, Iohan Pelaes çapateyro, Pedro Eanes clérigo de Trastulffe, Ferrnan Martines d'Asteris, ts.

Et eu Aras Affonsso notario publico de Lugo presente foy et notei et escrivi esta carta por mia mao et puge y meu nome et meu signal.

SIGNO